



Concello de Ortigueira

Expediente n.º: 731/2018

Asunto: Aprobando convocatoria e bases

Procedemento: Selección de dous/dúas desempregados/das para o desenvolvemento para a execución do proxecto "PROGRAMA DE VALORIZACIÓN FORESTAL DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA incluído no programa para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural/2018)

RESOLUCIÓN

Antecedentes:

Por Resolución da Economía, Emprego e Industria, de data 28 de maio de 2018, a cal tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 4 de xuño de 2018, concedese unha subvención, ao Concello de Ortigueira e o abeiro da orde do 31 de decembro de 2017 pola que se establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2018 (DOG núm. 26, do 6 de febreiro de 2018), para a contratación de dous/dúas traballadores/as, durante un período de nove meses, por unha xornada de 100%, para o desenvolvemento da actuación denominada PROGRAMA DE VALORIZACIÓN FORESTAL DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA.

Considerando que a orde da convocatoria pola que se subvenciona a contratación deste persoal, ten como finalidade ofrecer aos demandantes de emprego unha oportunidade para adquirir unha experiencia laboral mínima que poida permitir a súa futura inserción no mercado de traballo, canalizando a práctica laboral adquirida cara a ocupacións que faciliten unha maior estabilidade no emprego, sendo o obxectivo fundamental desta medida facilitar a mellora da empregabilidade dos traballadores desempregados a través da adquisición de experiencia profesional, obxectivo que non se desvirtúa, senón que se potencia, polo que concorren razóns de interese público

Visto que o prazo para realizar os tramites e formalizar a contratación remata o vindeiro 1 de xullo de 2018 de conformidade co establecido resolución da subvención e que o non cumprimento de dito prazo ocasionaría graves prexuízos tanto aos intereses municipais como as persoas que poidan resultar beneficiarias da convocatoria.

Por outra banda, estimase que a execución de dita actuación contribúe considerablemente a posta en valor do patrimonio forestal e medio ambiental

Estimando que a non contratación dos termos previstos na orde de 31 de decembro de 2017 implicaría a perda da subvención cos conseguintes prexuízos tanto para os intereses municipais como para as persoas que poida resultar beneficiarias. Ase mesmo considerase que é necesario a execución das tarefas e traballos previstos na actuación xa que teñen como obxecto a realización de tarefas de silvicultura, biomasa, limpeza e outras tarefas de valorización dos montes de titularidade municipal co que se acadará ademais da protección e posta en valor do patrimonio municipal o cumprimento da normativa vixente na materia

No uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e polos artigos 185 e 217.d do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar para esta Alcaldía e referente a aprobación das bases para a contratación laboral temporal, dous/dúas desempregados/das para o desenvolvemento do programa DE VALORIZACION FORESTAL DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA subvencionado ao A Orde do 31 de decembro de 2018 que establece as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2018 (DOG núm. 26, do 6 de febreiro de 2018)) as atribucións delegadas na Xunta de Goberno Local relativas a aprobación das bases das probas para a selección do

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo, de conformidade co establecido no artigo 10.1 da lei de 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Segundo.- Aprobar as seguintes bases que rexeran na convocatoria de selección de dous oficiais 3ª -forestal para súa contratación laboral temporal, por obra ou servizo, para o desenvolvemento do programa de VALORIZACION FORESTAL DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA:

BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A CONTRATACIÓN EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACTUACIÓN VALORIZACIÓN FORESTAL DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA INCLUIDO DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DE EMPREGO NO RURAL (APROL RURAL) ANO 2018, DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Ortigueira solicitou de conformidade coa orde do 31 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018 (DOG núm. 26, do 6 de febreiro de 2018)) unha subvención para a contratación de traballadores/as desempregados/as, para o desenvolvemento do programa VALORIZACIÓN FORESTAL DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

No artigo 14 da devandita orde establececese que:

“- Os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/polas que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.

Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que no momento do inicio da relación laboral a persoa seleccionada estea inscrita na oficina de emprego como demandante non ocupada dispoñible para o emprego.

-Os traballadores e as traballadoras que foran contratados por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2017 pola Consellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde

- As entidades beneficiarias da subvención solicitarán os traballadores e as traballadoras que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o desempeño adecuado das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións.

- En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

Por resolución do xefe territorial de Economía, Emprego e Industria, de data 28 de maio de 2018, concedese unha subvención, ao Concello de Ortigueira e o abeiro

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

da citada orde de para a contratación de dous traballadores/as, durante un período de nove meses, por unha xornada de 100%, para o desenvolvemento da actuación denominada VALORIZACION FORESTAL DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA. Estimase que a execución de dita actuación contribúe a garantir a prestación de servizos de competencia municipal

PRIMEIRA.- OBXECTO:

As presentes bases teñen por obxecto regular o procedemento de selección de catro traballadores/as s de conformidade coa orde de 31 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018:

Os postos que a cubrir son:

Forestal-oficiais de 3ª (Grupo 9)

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado a tempo completo, contrato de interese social, e por un período de nove meses, condicionado o contrato á subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego, e Industria, (expte TR351G2018-000065-1)

SEGUNDA.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES:

En cumprimento do disposto na dita orde do 31 de decembro de 2017, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais:

- Figurar na lista de preselección remitida polo Servizo Galego de Colocación
- Estar inscrito no Servizo Galego de Colocación como demandante non ocupado tanto no momento da selección como no da formalización do contrato
- Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea e ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadada a idade de xubilación
- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das correspondentes tarefas. As persoas con algunha minusvalía deberán facelo constar na súa solicitude, sinalando se precisan de adaptación para realizar as probas. A condición de minusválido e a súa compatibilidade acreditaranse con certificación da Delegación Provincial de Sanidade e Servizos Sociais.
- Non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- Estar nalgunha das seguintes circunstancias o que deberá acreditarse no prazo de presentación de solicitudes mediante a documentación que tamén se indica:

Situación	Documentación a achegar
Mulleres	
Maiores de 45 anos	Fotocopia do DNI
Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional	Fotocopia do DNI. Informe vida laboral actualizado
Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido	Fotocopia do certificado de minusvalía, debidamente actualizado, expedido polo órgano competente

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

<i>Persoas vítimas de violencia de xénero</i>	<i>Sentencia xudicial firme ou informe dos servizos sociais municipais</i>
<i>Parados de longa duración (mínimo 2 anos como demandantes de emprego)</i>	<i>Informe de Vida Laboral actualizado</i>
<i>Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia</i>	<i>Informe dos servizos sociais municipais</i>

TERCEIRA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que desexen tomar parte na presente contratación, unha vez recibida a correspondente notificación do Servizo Galego de Colocación ou, de ser o caso no momento que se citen pola Administración Local, nas oficinas municipais co fin de formalizar a solicitude de participación no proceso selectivo segundo o modelo que figura no anexo I das presentes bases e achegar a seguinte documentación:

a) fotocopia do DNI.

b) Notificación do Servizo Galego de Colocación

c) Currículo, méritos alegados aos efectos desta convocatoria e documentación xustificativa dos mesmos

d) informe médico no que se faga constar que o aspirante non padece enfermidade ou defecto físico que impida a realización das probas físicas e o desempeño das correspondentes tarefas dos postos a que se optan. (Se por causas non imputables o/a interesado/a este/esta non puidese presentar o mencionado documento médico no indicado prazo poderase presentar posteriormente, en todo caso antes da sinatura do correspondente contrato.

e) Documentación prevista no punto g) da cláusula segunda

Toda a documentación que se achegue deberá ser orixinal co fin de que o responsable do Rexistro de Entrada de Documentos do Concello proceda a súa dixitalización e compulsa electrónica da mesma

CUARTA.- PROCESO DE SELECCIÓN

O Concello de Ortigueira presentará a oferta xenérica na Oficina das Pontes do Servizo Galego de Colocación nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos que deban reunir os traballadores que se contraten para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, e solicitando o máximo de traballadores/as que a devandita Oficina poida preseleccionar

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos conforme o disposto no artigo 14 Orde do 31 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018: . (DOG núm 26 de 6 de febreiro de 2018)

Unha vez remitida ao Concello de Ortigueira, por parte da Oficina Pública de Emprego, a relación de candidatos/as preseleccionados/as para a súa posible contratación, conforme aos criterios e requisitos previamente solicitados, o Concello publicará anuncio na sede electrónica-o taboleiro de anuncios-emrego público, e no taboleiro da Casa do Concello, coa relación de ditos candidatos/as e concedendo un prazo de tres días hábiles para que presente, no rexistro xeral de entrada do Concello, a solicitude e documentación de conformidade co establecido na base terceira da presente convocatoria. Todo elo sen prexuízo de que a Administración Local poderá, ase mesmo, informar aos candidatos/as

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

preseleccionados do citado prazo para presentar a documentación mediante chamamento telefónico.

Transcorrido devandito prazo para presentar a documentación a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe definitiva de admitidos e excluídos así como a composición da Comisión de Selección e data hora e lugar no que se levaran a cabo as probas da fase de oposición. Dita resolución publicarase na sede electrónica-o taboleiro de anuncios-emprego publico e no taboleiro do Concello, e terá carácter de notificación.

A Comisión de Selección, constituída ao efecto, nos termos previstos nestas bases, procederá a selección definitiva dos candidatos/as, á vista do currículo enviado polo Servizo Público de Emprego de Galicia e os méritos alegados polos/las aspirantes na súa solicitude, conforme ao seguinte concurso-oposición:

FASE DE CONCURSO:

Formación. (Máximo 10 puntos):

1 *Por cursos, xornadas, seminarios ou congresos de formación e perfeccionamento realizados polos aspirantes, en calidade de alumnos, relacionados co posto de traballo a ocupar, e que fosen organizados ou impartidos polas Administracións Públicas ou Entidades particulares recoñecidas ao efecto por calquera Administración Pública. Para este último caso os aspirantes deberán aportar o documento acreditativo do recoñecemento ou homologación oficial do curso, xornada, seminario ou congreso. Cada curso será valorado 0,01 puntos hora, ata un máximo de 2 puntos. Non se valoraran os cursos cunha duración inferior a dez horas.*

No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

2.- *Por estar en posesión de carné de conducir tipo B: 1,00 puntos*

FASE DE OPOSICIÓN:

Primeiro exercicio.- PROBA TEÓRICA

Consistirá en contestar por escrito 5 preguntas propostas polo tribunal referentes ao coñecemento do Concello De Ortigueira os seus servizos e infraestruturas e tarefas propias do posto que se convoca

Valorarase de 0 a 5 puntos.

Segundo exercicio.- PROBA PRÁCTICA

Realizarase una proba práctica para avaliar as aptitudes de cada un dos aspirantes, consistentes na realización de traballos sinxelos, recoñecemento de ferramentas ou produtos. Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

Se o tribunal o considera conveniente, poderá acordar a celebración dos dous exercicios da fase de oposición nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, agás renuncia expresa, ou na xornada seguinte deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas

QUINTA- COMENZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

1. *A data e hora na que deberá constituírse a Xunta Cualificadora aos efectos de valoración do concurso e elaboración das probas será determinada por resolución da Alcaldía, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración das probas, publicándose no taboleiro de edicto da sede electrónica e no das oficinas administrativas do concello de Ortigueira*

2.- *Os aspirantes serán convocados para as probas en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados que serán resoltos motivadamente pola Xunta Cualificadora.*

3.- *Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo da Xunta*

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Cualificadora, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

4.-*En calquera momento a Xunta Cualificadora poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa identidade*

5.-*A orde de actuación dos aspirantes iniciárase de conformidade coa resolución do 17 de xaneiro de 2018 pola que se fai público o resultado do sorteo ó que se refire o Regulamento de Selección de Persoal da Administración da Comunidade Autónoma; dita orde de actuación empezará por aqueles nos que o primeiro apelido empece pola letra "G" (D OG número 19 de 26 de xaneiro de 2018)*

6.- *Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento da Xunta Cualificadora que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ó Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.*

SEXTA.- PUNTUACIÓN TOTAL E FINAL

Unha vez establecida a cualificación final do proceso selectivo, o Comisión Cualificador fará pública, no Taboleiro de Edictos do Concello e na súa sede electrónica, a relación de aspirantes que superasen ó proceso selectivo desagregando a puntuación da fase de oposición, da fase de concurso e a puntuación total. A orde dos aspirantes aprobados establecerase atendendo as seguintes regras:

a) De maior a menor puntuación final

b) No caso de empate entre as persoas candidatas, decidírase a selección outorgando preferencia aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral, pola seguinte orden de preferencia:

1) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia.

2) Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego ou sen cualificación profesional

3) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

4) Persoas paradas de longa duración.

5) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que teñan dereito.

6) Persoas con discapacidade.

7) Persoas con responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento

Para ter en conta os citados criterios de desempate os /as aspirantes deberán tido presentado a documentación xustificativa dos mesmos xunto coa solicitude de participación do proceso selectivo

c) No caso de que persista o empate terán preferencia os que obtivesen maior puntuación na proba practica da fase de oposición; e de persistir este realizarase sorteo publico

SÉTIMA- PROPOSTA DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Realizada a fase de oposición e valorados todo os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o Presidente da Comisión formulará a correspondente proposta de contratación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, remitíndose a mesma á Alcaldía, e sen superar, en ningún caso, o número de postos convocados. Esta proposta será publicada no taboleiro de anuncios-emplego público da Sede Electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

A Comisión configurará, igualmente, unha lista cos restantes aspirantes non seleccionados, segundo a orde da puntuación acadada, e no caso de renuncias, baixas ou substitucións, procederase a chamamento da seguinte persoa, por rigorosa orde de puntuación, sempre que no momento de formalizar a contratación reúna os requisitos fixados nas bases de selección, procedendo a súa contratación polo tempo que reste ata o remate do contrato.

No suposto de que a listaxe de agarda se esgotase ou ningún dos seus integrantes estivese dispoñible para a súa contratación polo Concello, procederase a iniciar un novo proceso selectivo.

OITAVA: PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Os/as aspirantes propostos/as presentará no rexistro do Concello, no prazo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo a seguinte documentación:

Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desenvolvemento das tarefas propias da praza (no caso de que non se presentase coa solicitude de participación do proceso selectivo)

Copia da tarxeta de desemprego

Declaración responsable de non ter sido separado do servizo ou despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos Órganos Constitucionais ou Estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desenvolvemento de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade previstas na lexislación vixente

No caso de que non se presentase dita documentación no prazo establecido entenderase que o/a aspirante renuncia ao posto de traballo, pasando a chamarse ao seguinte da listaxe de reserva

Unha vez presentada dita documentación o Alcalde formalizará cos aspirantes o correspondente contrato laboral previsto nas presentes bases

Ata que se formalice o contrato e se incorpore o/a candidato/a ao posto, os/as aspirantes non terán dereito a percepción económica algunha

NOVENA- COMISIÓN DE SELECCIÓN:

Os membros da Comisión de Selección serán designados polo Alcalde respectando o disposto no artigo 60 do Real Decreto 5/2015 e a Lei galega 2/2015 de emprego público de Galicia. Estará constituído polo Presidente, o Secretario, e catro vogais de entre funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A Comisión de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Comisión, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Os membros do Comisión deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 da lei 40/2015, de 1 de outubro, do rexime xurídico do sector público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar ós membros do Comisión cando conorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior de conformidade co establecido no artigo 24 de dita lei 40/2015.

O Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus substitutos.

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Tódolos membros da Comisión de selección que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto salvo o Secretario que soamente terá voz. As decisións da Comisión de selección adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

A Comisión de selección queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

Os efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre a Comisión de selección, estarase ó disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Contra os actos e decisións da Comisión de selección incluídas as peticións para a revisión de exames, cualificacións e impugnación de probas, cabe interpoñer recurso dealzada ante o Sr. Alcalde sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

ANEXO I.- MODELO DE SOLICITUDE.

D/ D^a....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en....., C.P....., teléfono.....

Expón:

Que desexa participar na convocatoria para a provisión mediante contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, de interese social, para o desenvolvemento do programa ORNATO E MANTEMENTO DE XARDÍNS, ZONAS VERDES E ESPAZOS NATURAIS DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA subvencionado pola, Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da orde de 14 de xullo de 2016, do posto

Forestal-oficial 3^a

Para tal efecto fai constar:

1^o. - Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base segunda da convocatoria.

2^o Que coñece e acata incondicionalmente o contido das bases.

3^o Que son certos tódolos datos obrantes na presente solicitude.

4^o. - Que achega coa presente solicitude a seguinte documentación:

DNI ou equivalente

Notificación do Servizo Galego de Colocación

Currículo e documentación xustificativa dos méritos alegados

Documentación prevista no punto g) da cláusula segunda

Informe médico

Outros: _____

Solicita:

Ser admitida/o a participar no referido proceso selectivo

Ortigueira, a

Asinado:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DE ORTIGUEIRA"

Terceiro- Que se publiquen as presentes bases na Sede Electrónica e no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello de Ortigueira, aos efectos oportunos.

Cuarto.- Que se presente a oferta xenérica na Oficina do Servizo Galego de Colocación de As Pontes, en cumprimento no establecido na citada orde de 31 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2017

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

O Alcalde

Documento asinado dixitalmente á marxe

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2. e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucíons deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

O Secretario
Asinado dixitalmente ao marxe